WIKIPEDIA

Lingua dari

Na Galipedia, a Wikipedia en galego.

O **dari**[1] (en *dari* دری, pronunciado **/dæˈɾi/**) é unha variedade estrutural do persa establecida como lingua oficial coa súa propia norma en Afganistán xunto co paxto.

Dari دری	
Pronuncia:	/dæˈɾi/
Outros nomes:	Dari persa, Persa afgano
Falado en:	Afganistán
Rexións:	Do sueste ao nordeste do Afganistán
Total de falantes:	8 000 000 (con tódalas variedades)
Familia:	Indoeuropea Irania occidentais occidentais meridionais Rama persa **Dari**
Escrita:	Escrita perso-arábiga
Estatuto oficial	
Lingua oficial de:	Si
Regulado por:	Academia das Ciencias de Afganistán
Códigos de lingua	
ISO 639-1:	-
ISO 639-2:	-
ISO 639-3:	`prs (http://www.sil.org/iso639-3/documentation.asp?id=prs)`
SIL:	`prs`

.

Índice

Orixe

A orixe do nome está na diferenciación entra a lingua persa que falaban as tribos persas e as tribos partas e bactrianas do norte de Irán que a partir do século VII adoptaron o persa pero mantendo un importante substrato parto. A marcha da corte sasánida de Fars para Ctesiphon fixo que a variedade do norte fora a lingua falada na corte, que se empezou a chamar *dari* (corte en persa) para distinguila da lingua de Fars (farsi)[2] pero a lingua escrita seguiu a ser o persa medio ata a súa substitución polo árabe no 742 e así os exércitos que levaron o islam máis alá do Amu Daria utilizaban como lingua franca esta variedade do persa e foi a que parte da poboación orixinaria do que actualmente é Afganistán acabou adoptando como lingua de uso común.

Tamén é coñecido coma *persa dari* (en *dari* فارسی دری, pronunciado **/fɒːɾsije dæˈɾi/**) ou *persa afgano* e por causa do seu illamento conta con menos influencia do árabe . É a principal lingua do país, falada polo 60% da poboación (se xuntamos o aimaq, o hazaraguí e o propio dari) principalmente no sur e centro do país, e preto de Kabul. É a principal lingua de comunicación dos pobos taxico, hazara e aimaq. A lingua serve á súa vez coma medio de comunicación entre diferentes pobos do Afganistán.

A sintaxe do dari non defire moito da do persa, aínda que o acento forte sexa menos expresivo no persa afgán do que no persa iraniano. Moitos lingüistas (incluídos lingüistas iranianos) consideran o dari como unha lingua ou un dialecto á parte; eles considérano a lingua escrita e chaman persa ou, mellor dito, persa afgano á lingua falada. Hoxe en día é a *Academia Afgá das Ciencias* a encargada da fixación do *dari*.

O dari conta con varios dialectos: o heratí, o parsiwan, o khorasaní, o aimaq, o harzaraguí, o taxiquí e o cabolí que é o dialecto de prestixio. A principal diferenza do aimaq e o hazaraguí é que contan con moito vocabulario das linguas túrquicas e mongois, e o cabolí e o taxiquí están moitísimo máis próximos ao taxico que ao dari.

Fonética

O sistema vocálico

O dari consta de 8 vogais, das que 5 son longas /ī ē ū ō ā/ e estables 3 son curtas /a e o/ e inestables.

Transcrición IFA

	Anterior	**Posterior**
Pechada	i	u
Semipechada	ɪ	ʊ
Medio aberta	ɛ	ɔ
aberta	a	ɒ

Transcrición latina

	Anterior	**Posterior**
Pechada	ī	ū
Semipechada	e	o
Medio aberta	ē	ō
aberta	a	ā

O vocalismo literario é bastante conservador en comparación co persa e taxico e é máis próximo ao taxico (aínda que nos dialectos o vocalismo pode ser máis simplificado).

Na táboa seguinte amósase o desenvolvemento do vocalismo entre as linguas de orixe pérsida:

Persa clásico	ā	a	ē	i	ī	ō	u	ū
Persa moderno	ā	a	ī	e	ī	ū	o	ū
Dari	ā	a	ē	e	i	ō	o	u
Hazaraguí	o	a	e	i	i	ū	u	u
Taxico	o	a	e	i	i	ů	u	u

Obsérvese como a medida que avanzamos cara o norte o vocalismo vaise parecendo ao taxico mentres que cara ao sur parécese máis ao persa.

Notas

1. Definición de dari (https://digalego.xunta.gal/gl/termo/19558) no *Dicionario de Galego (https://digalego.xunta.gal/gl/caracteristicas)* de Ir Indo e a Xunta de Galicia.
2. Frye, Richard N. "History of the Persian Language in the East (Central Asia)" (PDF). Consultado o 8 de setembro de 2013.

Véxase tamén

Ligazóns externas

- Alfabeto Dari(www.afghan-web.com) (http://www.afghan-web.com/language/dari.html)

Traído desde "https://gl.wikipedia.org/w/index.php?title=Lingua_dari&oldid=5222202"

A última edición desta páxina foi o 13 de agosto de 2019 ás 05:51.

Todo o texto está dispoñible baixo a licenza Creative Commons recoñecemento compartir igual 3.0; pódense aplicar termos adicionais. Consulte os termos de uso para obter máis información.
Wikipedia® é unha marca rexistrada da Wikimedia Foundation, Inc., unha organización sen fins lucrativos.